



EXPEDIENTE 2024/C0003/000015: "Obras para a minimización das perdas de auga na rede de abastecemento".

Trámite: PROVIDENCIA DE INICIO E MEMORIA XUSTIFICATIVA.

1. Obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é a execución das obras incluídas no proxecto técnico "Obras para a minimización das perdas de auga na rede de abastecemento", segundo as determinacións técnicas establecidas polo técnico autor do proxecto Pablo Blanco Ferreiro, Enxeñeiro de Camiños, C. e P. cun orzamento de 98.576,10 euros.

Consta no expediente Resolución, de 4 de xullo de 2024, de concesión da axuda por importe de 45.000,00 euros de Augas de Galicia ao abeiro da Resolución de Augas de Galicia do 29 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de obras co fin de minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento AU301E). [DOG n.º 20 do 29.01.2024].

2. Necesidade da contratación.

A necesidade que se debe satisfacer co contrato é o abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, materias estas nas que o municipio pode exercer competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, segundo o disposto no artigo 25.2 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 26.1 a) da citada Lei.

O obxecto da actuación é a renovación da rede coa canalización de tubo de tubo de polietileno alta densidade, de 63 mm de diámetro exterior e 16 Atm. de presión, a execución de acometidas e coa instalación de válvulas de comporta nos lugares Peixón, Cascallón, Pena e Andeade. Coa renovación da tubaxe na rede de abastecemento prevese mellorar a calidade mesma, reducindo as perdas de auga de xeito que se optimicen os recursos hídricos dispoñibles.

3. División en lotes

De conformidade co artigo 99.3 LCSP o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente. No presente contrato non se prevé a división do contrato en lotes, por tratarse dunha obra completa susceptible de utilización independente, de conformidade co artigo 13.3 da LCSP.

4. Orzamento base de licitación e valor estimado do contrato.

Para os efectos previstos no artigo 101.1 LCSP 2017, o valor estimado do contrato para realizar ascende á cantidade de 81.467,85 euros (IVE non incluído).

O orzamento base de licitación consignado no proxecto ascende a 81.467,85 euros (excluído o IVE), e 98.576,10 euros (incluído o IVE).

5.- Prazo de execución

Dous meses debendo estar rematada o 31 de outubro de 2024.

6.- Xustificación de elección de procedemento

A forma de adjudicación do contrato será o procedemento aberto simplificado, no que todo empresario interesado inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Contratistas do Estado (ou rexistro autonómico equivalente) poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)
R.E.L. nº 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

Para este efecto dispoño:

PRIMEIRO. Iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato de obra “Obras para a minimización das perdas de auga na rede de abastecemento”.

SEGUNDO. Dar traslado aos Servizos Técnicos municipais co fin de que se proceda á elaboración dos correspondentes pregos así como tramitar o expediente de contratación administrativa en función da consignación orzamentaria existente.

TERCEIRO. Publicar a presente no perfil do contratante desta Administración, para os efectos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Touro, na data da sinatura dixital

Jesús Martínez Pereira, concelleiro delegado da área de goberno de obras (Decreto 192/2023 de 17.07.2023)